



BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRABALLADORAS/ES SOCIAIS

1.- Obxecto.

O obxecto das presentes bases é regular o procedemento para a formación dunha bolsa de traballo para a contratación laboral de duración determinada de traballadoras/es sociais para prestar servizos no Departamento de Servizos Sociais do Concello de Porto do Son.

2.- Funcionamento da bolsa de traballo.

1.- Acudirase á bolsa de traballo coa finalidade de proveer as vacantes ou substituír aos empregados públicos en supostos de ausencia cando así se determine para a mellor prestación dos Servizos Sociais.

2.- A contratación dos aspirantes incluídos na bolsa efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de traballo. A clasificación inicial efectuarase por orde decrecente de puntuación, sen prexuízo da rotación de posicións segundo se describe no apartado seguinte.

3.- Os aspirantes contratados ou que, sendo requiridos para a contratación renunciem á mesma ou non poidan ser chamados por causa non imputable á Administración, pasarán a ocupar a derradeira posición na bolsa de traballo aos efectos de novas contratacións.

4.- A bolsa de traballo terá unha vixencia dun (1) ano, prorrogable por outro máis.

3.- Procedemento de selección.

A selección dos aspirantes que conformarán a bolsa de traballo efectuarase mediante o sistema de concurso- oposición.

4.- Requisitos dos aspirantes.

Os interesados en participar no procedemento para a conformación da bolsa de traballo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dun dos restantes membros da Unión Europea ou daqueles Estados aos que lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos na Lei estatal que regule a materia.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación establecida pola normativa.

c) Estar en posesión, ou en condición de obter, o título de grao ou diplomatura de Traballo Social.

Aos anteriores efectos, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, considerarase equivalente ao título de Diplomado universitario a superación de tres cursos completos de licenciatura. Así mesmo, a superación das probas de acceso á

Fixado no taboleiro de edictos
o día 08 de Xuño de 2014

Retirado

de 20
de 2014



CONCELLO DE
PORTO DO SON



universidade para maiores de 25 anos, homologadas polo órgano competente, considerarase equivalente aos títulos de Bacharelato ou Formación Profesional de segundo grao.

A validación de títulos deberá acreditarse mediante a presentación de certificación emitida polo órgano competente.

d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en habilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios ou para exercer funcións similares ás que desempeñaba no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

Os nacionais doutros Estados non poderán atoparse en situación de inhabilitación ou equivalente nin ser recibido sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso nos mesmos termos ao emprego público.

2.- Os requisitos establecidos no apartado anterior deberán reunirse na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o proceso selectivo.

5.- Solicitudes de participación no procedemento.

1.- Para tomar parte nas probas selectivas, os interesados deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, segundo o modelo que se achega como Anexo 1, que se presentará no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de cinco (5) días hábiles contados desde a publicación do anuncio da convocatoria nun xornal de gran tiraxe. Se o derradeiro día do prazo fose inhábil, aquel rematará o seguinte día hábil.

2.- Coa instancia achegarase:

- a) Copia cotexada do DNI ou pasaporte ou do documento de identidade correspondente ao país da Unión Europea de que se trate.
- b) Relación de méritos e documentación acreditativa da súa posesión, orixinal ou cotexada.
- c) Copia cotexada do título esixido para tomar parte no procedemento ou xustificante do pagamento das taxas por expedición do título cando aínda non se dispoña del.

6.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, mediante resolución da Alcaldía aprobarase a listaxe provisional de admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de edictos e na web do Concello de Porto do Son.

Os aspirantes excluídos provisionalmente disporán dun prazo de tres (3) días hábiles para emendar erros que motivaron a súa exclusión. Transcorrido ese prazo, farase pública polos medios antes indicados a listaxe definitiva de aspirantes admitidos.



7.- Órgano de selección.

1.- Os membros do órgano de selección serán designados consonte ao que dispoñen o artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e a súa composición será designado pola Alcaldía-Presidencia.

2.- Na composición do órgano de selección promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes, segundo o pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

Tódolos membros do tribunal deberán posuír unha titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

3.- Os membros do tribunal deberanse abster de intervir cando concorran as circunstancias que prevé o artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, notificándoo á autoridade convocante, cando preparasen aspirantes ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal de conformidade co establecido no art. 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4.- O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de alomenos tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan.

Cada sesión do tribunal recollerase na correspondente acta, sen que poida levantarse máis dunha acta por sesión.

5.- O tribunal poderá solicitar a incorporación aos seus traballos, con voz pero sen voto, de asesores especialistas para as probas nas que o estime conveniente. Estes asesores cinguiranse a prestar a colaboración que o tribunal lles requira nas súas especialidades técnicas.

6.- O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades cos demais participantes.

7.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases adoptando os acordos que resulten procedentes.

8.- Procedemento de selección.

1.- O procedemento selectivo desenvolverase en dúas fases sucesivas, segundo se indica nos apartados seguintes.

A.- Concurso.

Na fase de concurso os aspirantes poderán acadar ata un máximo de 4,00 puntos, e nela serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

l) Experiencia profesional:

- Servizos prestados en postos de traballador social na Administración Local: 0,02 puntos por mes de servizo.



- Servizos prestados en postos de traballador social noutras Administracións Públicas: 0,01 puntos por mes de servizo.

A puntuación máxima outorgable por este concepto será de 2,50 puntos.

A experiencia acreditarase coa presentación de certificación de servizos prestados expedida polo órgano competente das Administracións Públicas e mediante a achega conxunta de copia dos contratos de traballo e informe de vida laboral.

II) Formación:

Valoraranse os títulos académicos diferentes ao esixido para participar no proceso e os cursos de formación relacionados co posto de traballo impartidos por Administracións Públicas, entidades dependentes destas, centros oficiais de ensino ou entidades privadas cando estean homologados polas Administracións Públicas, de acordo co seguinte baremo:

- Títulos superiores de 2º grao ou licenciaturas en Dereito, Psicoloxía, Psicopedagogía, Socioloxía, Antropoloxía Social ou Educación Social: 0,50 puntos.

- Títulos superiores de 1º grao ou diplomaturas en Dereito, Psicoloxía, Psicopedagogía, Socioloxía, Antropoloxía Social ou Educación Social: 0,30 puntos.

- Cursos de máis de 100 horas: 0,20 puntos por curso.

- Cursos de 51 a 100 horas: 0,15 puntos por curso.

- Cursos de 20 a 50 horas: 0,10 puntos por curso.

A puntuación máxima outorgable por este concepto será de 1,50 puntos.

Non se valorarán aqueles cursos cuxas ensinanzas non garden relación co posto a desempeñar ou sexan de natureza xenérica e necesaria para o desempeño do posto (p. e. ofimática, mecanografía, etc). Tampouco serán obxecto de valoración os cursos de entidades privadas nas que non conste expresamente a súa homologación por Administración Pública.

Se a acción formativa comprende materias avaliadas e non avaliadas, unicamente se valorarán estas en función da duración das ensinanzas. Se non resulta posible determinar a súa duración, o curso non se valorará nestes casos.

B.- Oposición.

Os aspirantes poderán acadar ata un máximo de 13 puntos nesta fase do proceso, que se desenvolverá como se detalla a continuación.

a) Primeiro exercicio: consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo dunha hora e media, dun cuestionario de 10 preguntas relacionadas co programa achegado ás bases.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo os aspirantes obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

b) Segundo exercicio: consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e doutro do galego ao castelán nun tempo máximo de trinta minutos.

Este exercicio ten carácter obrigatorio pero non eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 3 puntos.



De conformidade co establecido no art. 35 do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, quedarán exentos da realización deste exame os aspirantes que acrediten a posesión do certificado Celga 3, a validación do curso de iniciación á lingua galega ou equivalente.

Para a celebración das probas, os aspirantes serán convocados en chamamento único, agás casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirante chamados deberán acreditar a súa identidade para tomar parte nas probas selectivas.

2.- O tribunal poderá acordar a lectura pública dos exercicios que se fagan por escrito e pedirles aclaracións aos aspirantes, se o xulga oportuno.

3.- Unicamente se publicarán as cualificacións dos aspirantes que superaron cada proba.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal disporá a publicación da puntuación final, dada pola suma da acadada nas dúas fases do procedemento, e da orde de clasificación na bolsa de traballo dos aspirantes que superaron o proceso selectivo.

Para o caso de existir empate nas puntuacións dos aspirantes que superaron o proceso selectivo, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade a obtención da nota máis alta no primeiro exercicio de oposición. De persistir o empate, o tribunal decidirá mediante sorteo.

4.- O acordo establecendo a orde de clasificación de aspirantes na bolsa de traballo poderá recorrerse enalzada perante a Alcaldía, sen prexuízo da presentación de alegacións aos acordos de avaliación dos exercicios da fase de oposición ou de valoración de méritos.

5.- Compételle á Alcaldía a aprobación da orde de clasificación dos aspirantes na bolsa de traballo, de conformidade coa proposta do órgano de selección. Este acordo publicarase na web e no taboleiro de editos do concello.

9.- Publicación de acordos.

Agás a convocatoria, que se publicará nun xornal de gran tiraxe provincial, os sucesivos trámites do procedemento e os acordos do órgano de selección unicamente se publicarán na web e no taboleiro de editos do Concello de Porto do Son.

10.- Documentación a presentar para a contratación.

1.- Os integrantes da bolsa de traballo chamados para a contratación deberán presentar, con carácter previo á formalización do contrato, os seguintes documentos:

- a) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- b) Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao momento da toma de posesión.



- c) Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento da súa función, no caso de tratarse de persoas con minusvalías.
- d) Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social (no caso de haber estado dado de alta).

2.- Cumpridos os requisitos para o nomeamento, o órgano competente nomeará aos aspirantes propostos.

Unha vez nomeados, os aspirantes deberán tomar posesión no prazo dun mes contado desde a notificación do nomeamento. Para o caso de non tomar posesión no prazo sinalado sen causa xustificada, o aspirante nomeado quedará en situación de cesante.

11.- Normativa aplicable.

Os procesos selectivos rexeranse polo establecido na lexislación básica sobre emprego público, pola normativa de réxime local, pola normativa autonómica de desenvolvemento das anteriores e, supletoriamente, polo previsto no Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Porto do Son, a 8 de xullo de 2014.



O Alcalde

José Luis Oujo Pouso



ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA

D./ D^a. _____
con DNI _____, nº de teléfono _____, e
domicilio _____ a efectos de _____ notificacións _____ en
_____, localidade de _____, CP
_____ provincia

EXPOÑO:

I. Que teño desexo participar na convocatoria para a formación dunha bolsa de traballo para a contratación laboral temporal de traballadoras/es sociais.

II. Que estou en posesión de todos os requisitos esixidos nas Bases da convocatoria, que coñezo e acepto expresamente.

Polo exposto, **SOLICITO:**

Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando para estes efectos a documentación que de seguido se sinala:

- Copia cotexada do DNI ou pasaporte ou do documento de identidade correspondente ao país da Unión Europea de que se trate.
- Relación de méritos e documentación acreditativa da súa posesión, orixinal ou cotexada.
- Copia cotexada do título esixido para tomar parte no procedemento ou xustificante do pagamento das taxas por expedición do título cando aínda non se dispoña del.

Porto do Son, de _____ de 2014.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON.




ANEXO. TEMARIO

A.- GRUPO I. MATERIAS COMÚNS.

- 1.- A Constitución española de 1978. Estrutura. Título preliminar. Reforma Constitucional.
- 2.- A notificación: contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación. A demora e retroactividade da eficacia.
- 3.- A iniciación do procedemento: clases, corrección e mellora de solicitudes. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións.
- 4.- Os rexistros administrativos. Termos e prazos: cómputo, ampliación e tramitación de urxencia.
- 5.- Terminación do procedemento. A obriga de resolver. A terminación convencional. A falta de resolución expresa: o réxime do silencio administrativo.
- 6.- Os recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos.
- 7.- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 8.- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 9.- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

B.- MATERIAS ESPECÍFICAS.

- 1.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Estrutura. Obxecto. Disposicións xerais.
- 2.- Os servizos de atención domiciliaria no Concello de Porto do Son.
- 3.- Regulación do servizo de axuda no fogar.
- 4.- A Lei 39/2006, de 14 de decembro, de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Obxecto. Titulares de dereitos e prestacións.
- 5.- Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
- 6.- Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de



dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

7.- A atención a migrantes. Obxecto. Composición e programas. Problemática específica e medidas para a integración social de inmigrantes en Galicia.

8.- A discapacidade: evolución conceptual e clasificación.

9.- Accesibilidade. Normativa de referencia. O deseño para todos e a accesibilidade universal.

10.- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

11.- Programas de atención á familia e á infancia da Xunta de Galicia.

12.- A violencia machista. A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Programas e equipamentos para as mulleres vítimas de violencia machista.

13.- As tecnoloxías da información e a comunicación nos servizos sociais.